



SERVIZO DE VIAS E OBRAS

Expediente: 2022000037651

CONCELLO DE LAXE  
AVDA.CESAREO PONDAL S/N, S/N  
15117 LAXE

**Traslado da resolución de autorización de obra para SOLICITUDE DE INFORME OU AUTORIZACIÓN PREVIA PROXECTO: PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023 a CONCELLO DE LAXE, na DP4001 - BAIO A LAXE P.K. 5+375**

Notifícolle que se aprobou o 22/06/2022 a resolución "RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDE A AUTORIZACIÓN "MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023" Ó CONCELLO DE LAXE, NA DP4001 - BAIO A LAXE P.K. 5+375 MARXE AMBAS. EXPEDIENTE 2022000037651" que se achega a continuación.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos.

As actuacións autorizadas, non se poderán iniciar sen que o persoal da Deputación comprobe a súa implantación. Para estes efectos, a persoa titular da autorización porase en contacto co persoal da Administración titular, cunha antelación mínima de sete (7) días da data que prevexa para a dita operación, ben no enderezo electrónico [viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal](mailto:viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal), ben nos teléfonos 981080767, 981080761.



Nº 29232 / 2022 - 22/06/2022

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc

Código: 71671c7b9f5f7347f8d1be7a739ef67b7edf7daefb7bb71dd38eda7b96de

MARIA AMPARO CRISTINA  
TABOADA GIL

Data: 22/06/2022 13:35

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO

Data: 22/06/2022 13:26



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

## SERVIZO DE VIAS E OBRAS

### RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDE A AUTORIZACIÓN “MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023” Ó CONCELLO DE LAXE, NA DP4001 - BAIO A LAXE P.K. 5+375 MARXE AMBAS. EXPEDIENTE 2022000037651

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente de autorización ó CONCELLO DE LAXE no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES

O día 16/06/2022, CONCELLO DE LAXE con NIF P1504100G, con domicilio en AVDA.CESAREO PONDAL S/N, S/N, 15117 LAXE, presenta solicitude de autorización para “MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023”, (Orzamento 15.826,00 euros), na DP4001 - BAIO A LAXE P.K. 5+375 A.M.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

En uso das facultades que lle confire o art. 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, a Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas Por Autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais e o informe emitido polo técnico do servizo.

#### RESOLVO

CONCEDER a CONCELLO DE LAXE, a autorización que solicitou para “MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023”, na 4001 – BAIO A LAXE P.K. 5+375 A.M., debendo executar as obras, instalacións ou actividades conforme as condicións técnicas e prevencións que se fixan a continuación.

#### CONDICIÓNS TÉCNICAS

1. Soamente estarán autorizadas pola Deputación Provincial da Coruña, como Administración titular da estrada afectada, as actuacións incluídas na solicitude de autorización que cumpran o condicionado indicado nos puntos seguintes. As actuacións non solicitadas, aun cumprindo o condicionado, non estarán autorizadas, debendo presentarse nova solicitude para obter a súa correspondente autorización.
2. As actuacións autorizadas, non se poderán iniciar sen que o persoal da Deputación comprobe a súa implantación. Para estes efectos, a persoa titular da autorización porase en contacto co persoal da Administración titular, cunha antelación mínima de sete (7) días da data que preveza para a dita operación, ben no enderezo electrónico viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal, ben nos teléfonos 981080767, 981080761.



Nº 29232 / 2022 - 22/06/2022

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc

Código: 71671c7b9f5f734718d1be7a739ef67b7edf7daefb7bb71dd38eda7b96de

MARIA AMPARO CRISTINA  
TABOADA GIL

Data: 22/06/2022 13:35

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO

Data: 22/06/2022 13:26

3. Finalizadas as obras ou instalacións autorizadas, a Administración titular da estrada documentará a súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. Para estes efectos, a persoa titular da autorización porase en contacto co persoal da Administración titular, ben no enderezo electrónico [viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal](mailto:viasyobras.autorizaciones@dacoruna.gal), ben nos teléfonos 981080767, 981080761, cunha antelación mínima de sete (7) días da data en que preveza finalizar as obras ou instalacións. No caso de autorizacións para realizar obras ou instalacións na zona de dominio público, a persoa titular estará obrigada a terlle entregado á Administración titular da estrada a documentación que recompila a información necesaria para coñecer de xeito detallado as características da obra executada, previamente á realización do acto de documentación da súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. A acta de conformidade implicará o permiso de uso das obras ou instalacións, no que á normativa sectorial de estradas se refire, e a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias.

4. Asegurarase o mantemento da capacidade hidráulica da drenaxe da estrada na zona afectada polo pavimentación dos camiños. Nas zonas dos entroncamentos coa estrada provincial colocaranse, de non existir ou ser insuficientes, unhas tubaxes de formigón prefabricado de diámetro mínimo corenta centímetros (40 cm), recubertas en todo o seu perímetro cun espesor mínimo de formigón en masa de dez centímetros (10 cm).

5. Nunha lonxitude mínima de trinta metros (30 m), e en ambas as marxes dos camiños, executaranse gabias de sección tal que desaugüen adecuadamente o caudal de auga que discorra polos camiños.

6. Para evitar a chegada de auga á zona de circulación da estrada dotarase aos camiños dunha pendente do dous por cento (2%) cara ao exterior da estrada, dispendo, se fose preciso, imbornais ou reixas corridas nos camiños.

7. Nas interseccións dos camiños coa estrada, colocarase, de non existir ou estar deteriorado, un sinal vertical de detención obrigatoria (R-2). A sinalización vertical cumprirá o disposto na Norma 8.1-IC da Instrución de Estradas. De afectarse ao firme das interseccións coa estrada provincial, deberá executarse a sinalización horizontal correspondente segundo a Norma 8.2-IC da Instrución de Estradas.

8. Conservaranse en todo momento as debidas condicións de seguridade no dominio público viario, mantendo unha perfecta limpeza no dominio público da estrada provincial e unha sinalización adecuada, debendo tomarse as medidas necesarias para o seu cumprimento (pavimentación adecuada sen posibilidade de desprendemento de áridos, sinalización segundo a Norma 8.3-IC da Instrución de Estradas, fresados necesarios nas zonas de entroncamento da nova pavimentación co pavimento existente das interseccións).

9. As obras executaranse segundo a documentación presentada e as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria.

10. Non se modificarán as condicións de drenaxe da estrada provincial. De ser necesario movementos de terra ou explanacións poderán realizarse fóra da zona de dominio público, sempre que non prexudiquen a estabilidade da estrada ou a súa explotación, por modificación do curso das augas, redución da visibilidade ou calquera outro motivo. Os depósitos provisionais de materiais ou maquinaria só se poderán autorizar fóra da zona de



Nº 29232 / 2022 - 22/06/2022

Validación de documentos: <https://sede.dacoruna.gal/valdoc>

Código: 71671c7b9f5f7347f8d1be7a739ef67b7edf7daefb7bb71dd38eda7b96de

MARIA AMPARO CRISTINA  
TABOADA GIL

Data: 22/06/2022 13:35

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO

Data: 22/06/2022 13:26

dominio público e da zona de servidume, cando non prexudiquen a integridade da estrada, a seguridade viaria ou a súa adecuada explotación. Adoptaranse as medidas necesarias para que, en ningún caso, as augas de escorrega da zona vertan á zona de dominio público viario.

## PREVENCIÓNS

- A autorización outorgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiras persoas e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola Administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiras persoas

- A persoa autorizada terá que axustar a realización das obras, instalacións ou actividades ás condicións fixadas na autorización, calquera que sexa o contido ou alcance das autorizacións que houbera outorgado calquera outra administración no ámbito da súa competencia.

- Calquera variación será sancionada segundo o disposto na lei e regulamento de estradas de Galicia, sen prexuízo de indemnizar os danos causados e da obrigaón de modificar a obra, instalacións ou actividade para axustala as condicións que se sinalan na autorización.

- Esta autorización ten unha validez de dous anos contados desde a data da súa notificación, e se dentro do devandito prazo non se realiza o aproveitamento a que se refire, considerarase caducada aínda no caso de que se ingrese a Taxa.

- As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola Administración titular desta, incluídas as de conservación. Neses casos, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada. Ademais poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a Administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados .

E todo sen prexuízo, da práctica da posterior liquidación definitiva, en termos do disposto no artigo 6.3 da Ordenanza Fiscal nº 8 "Reguladora da taxa por autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais (BOP nº 284, 13 de decembro de 1995), pola Sección de Recursos Propios, procedendo á devolución, no seu caso, do importe indebidamente ingresado, se o houbera, ou ao requirimento para o ingreso complementario correspondente.



Nº 29232 / 2022 - 22/06/2022

Validación de documentos: <https://sede.dacoruna.gal/valdoc>

Código: 7f671c7b9f5f7347f8d1be7a739ef67b7edf7daefb7bb71dd38eda7b96de

MARIA AMPARO CRISTINA  
TABOADA GIL

Data: 22/06/2022 13:35

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO

Data: 22/06/2022 13:26

Esta resolución de conformidade co previsto no artigo 114 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES contados desde o día seguinte a aquel en que reciba a notificación do mesmo, aínda que con carácter potestativo, poderá interpor recurso de reposición no prazo dun MES, ante o .Presidente desta Deputación Provincial, todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.